

Comunicado nº 076/16
27 de abril de 2016

☐ +SEGURIDADE 2016/2017. PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE PARADA POR AVARÍA OU ACCIDENTE NUN TREITO CRONOMETRADO DAS ESPECIALIDADE DE RALLYES, MONTAÑA, E RALLYMIX.

Recordamos a tódolos participantes que é **OBRIGATORIO** levar no vehículo dous Chalecos e dous Triángulos Reflectantes segundo a normativa vixente da Lei de Circulación vixente.

NOS TREITOS DE ENLACE. Teranse que empregar para sinalizar, en caso de detención por avaría, ou accidente, por estradas abertas ao tráfico.

NOS TREITOS CRONOMETRADOS, no momento que un equipo se vexa obrigado a abandonar, POR AVARÍA OU POR ACCIDENTE, o procedemento será o seguinte:

1.- Saír do vehículo coa maior rapidez posible e permanecer alerta ante a chegada do seguinte participante.


2.- retroceder a pé uns metros e **mostrar a última páxina do "Road Book" polo menos aos tres seguintes participantes,**

indicando co **OK Verde** que tanto os dous ocupantes do vehículo como os posibles espectadores da zona estean ben, non é necesaria asistencia médica, ou pola contra, a **Cruz Vermella** para solicitala presenza do Vehículo "R", tanto para participantes como público.

3.- A maiores, deberán situar polo menos un dos dous triángulos reflectantes precedendo á posición do vehículo, cunha distancia mínima de 50 metros dende o lugar onde se atopa detido, que sexa visible dende 100 metros antes.

Recomendamos igualmente que un dos dous membros do equipo indique ao resto de participantes por qué lado deben pasar, e si é necesario aminorar a velocidade.

4.- RECORDAMOS, que en caso de existir un Comisario de Ruta no lugar, a súa función se limita a transmitir información a Dirección de Carreira, non podendo abandonar a súa ubicación salvo que a gravidade do sinistro o esixa.



☐ 2ª COPA SEGUROXDÍAS 2016.

Ante a solicitude de pilotos participantes, polos problemas na monta das pastillas de freo "EBC" acórdase: A partir da data de publicación deste comunicado apróbanse tres opcións de monta:

1.- Pastillas "EBC".

2.- Pastillas "Carbono Lorraine" RC6 (dianteiras) e RC5+ (Traseiras).

3.- Os pilotos que mercaran en "Taller BAD Competición" as pastillas "EBC" poden participar libremente con calquera marca de pastilla no resto do Campionato.

Os participantes que se incriban, a partir da data de publicación deste comunicado terán que mercar a "Taller Bad Competición" as pastillas de freo Carbono Lorraine, e para calquera aclaración ou solicitude no mail ["badcompetición@gmail.com"](mailto:badcompetición@gmail.com), expoñendo a súa dúbida con aportación de teléfono de contacto, ou do correo electrónico persoal.
